

Ron, o león que non sabía cazar

Carolina Naveira Cornide

Cando o sol volveu a saír esa mañá Ron soubo que ía ser outro mal día. Tirou da manta e meteu a cabeza debaixo da almofada, pero ao final ergueuse, tomou o almorzo, lavou os dentes e foi á escola como todos os días.

Despois da clase, Ron chegou a casa chorando porque suspendera de novo o exame de cazar. E aínda por riba, os seus catro irmáns Ran, Ren, Rin e Run gañaran todos unha estrela dourada. Ron estaba triste e enfadado e díxolles aos seus pais: *"Papá, mamá, non me gusta cazar"*.

A Ron o que lle gustaba eran as matemáticas e debuxar ...

O seu pai púxose colorado e respondeu enfadado: *"Mañá, como non hai escola, imos practicar por noventa e novena vez. No próximo exame terás unha estrela dourada como todos os teus irmáns."*

Ron meteuse no seu cuarto, onde estaban os seus irmáns agardando para rirse del. Ron meteuse dentro da cama e chorou ata quedar durmido. Esa noite soñou que ían ao Concurso de Caza das Escolas da Sabana. Ron analizaba nos seus soños as características das presas, debuxaba os plans e facía os cálculos para que os seus irmáns souberan onde ir e a velocidade de correr. E gañaban o Concurso, pero xusto cando lles ían dar o premio ... espertou e pensou: *"Iso é imposible ..."*. E daquela lembrou que esa mañá tiña que ir a practicar co seu pai, así que preparou todo e agardou sentado na mesa da cociña.

Cando o pai se levantou xa estaba todo listo. ¡Saíron de inmediato!

Ron intentouno con todas as súas forzas, pero fracasou en todos os intentos, porque non entendía o que o seu pai lle explicaba ou non podía facer as cousas que lle pedía. Ron daquela intentou facer o que sabía facer: primeiro pintou un mapa de toda a Sabana e debuxou aos seus irmáns, escribiu o seu peso, a lonxitude dos saltos e a velocidade. O pai mirouno con admiración porque non sabería facer nada diso en mil anos, pero ao final dixo: *"¡Que son todas esas trangalladas?! Hai que aprender a cazar como se fixo toda a vida. Ata que non caces nada, non volvas a casa!"*

Oito horas despois Ron seguía sen volver á casa e o pai tivo que ir buscalo. Ron só collera un becho pequeniño. Volveron os dous para a casa sen falar e Ron deixou o bechiño na cociña, ao lado de todo o que cazaran os seus irmáns.



Cando Ron volveu á habitación preguntoulle aos seus irmáns:

- ¿Poderei participar no concurso de caza con vós?
- Non, non... contigo non. - dixo Ran.
- NON! Non sabes cazar. - respondeu Ren.
- Por suposto que non. - respondeu Rin.
- NON! Deixaríasnós en ridículo. - Run berrou.

Ron foi durmir triste de novo debaixo das súas sábanas. E o seu pai tamén marchou molesto porque o reprendera cando en realidade decatábase de que Ron era quen de facer cousas impresionantes, pero non era como a el lle ensinaran a facelas.

Ao día seguinte había xirafa para almorzar, así que todos estaban un pouco máis felices, porque a xirafa é un manjar para os leóns da Sabana.

- Hoxe iremos todos de caza. - dixo o pai.
- NOOOOOOOOOOOOOOOOOOOON !! - berraron todos menos Ron.
- Calade a boca! É obrigatorio. E esta vez vou ensinarvos eu - dixo a nai.

A nai deixoulles facer ao principio da forma que eles querían, e cada un estaba só e ninguén cazaba nada. A nai dixo entón: *“Facédeo en grupo, así será máis doado. Todos tedes que ocuparvos dunha cousa e axudar aos vosos irmáns”* Ran comezou a dirixilos a todos, pero non lle decía nada a Ron. Entón a nai berrou: - CANDO DIGO QUE CACEDES TODOS SODES TODOS!

Así que miraron para Ron e el decidiu elaborar un plan, facer os cálculos e colocar aos seus irmáns no mellor lugar. Ran cazou unha cebra, Ren un ñu, Rin unha gacela e Run ... un elefante! Todos déronse conta do bo equipo que formaban e pedíronlle a Ron que fose con eles á competición. Todos estaban moi contentos!

Coa práctica en equipo estaban listos para participar no Concurso de Caza das Escolas da Sabana. Na gran competición estaban o colexio Lagoa dos Hipopótamos, as Serpes Mamba Negra, as Aguias Cabeza Branca, os Crocodilos Dentes Amarelos ... e todos as escolas de grandes depredadores da Sabana. Ron e os seus irmáns eran Os Ruxidores Colorados ... e despois dunha dura competición que durou toda a tarde ata que se fixo noite, Ron e os seus irmáns gañaron o primeiro premio.



Ran, Ren Rin e Run levaron a Ron sobre os seus ombreiros. En segundo lugar foron as Aguias Cabeza Branca que se enfadaron moito porque elas gañaran cinco anos seguidos e pensaban que nunca ían perder.

Ran, Ren Rin, Ron e Run aprenderon que os mellores resultados acádanse en equipo, e que todos poden participar co que mellor se lles da.

Esa noite, Ron quedou durmido mirando a copa dourada encima do armario do seu dormitorio, e non meteu a cabeza debaixo da almofada en ningún momento.

FIN

